



XUNTA  
DE GALICIA

CENTRO INTEGRADO DE  
FORMACIÓN PROFESIONAL  
A GRANXA

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación  
Educativa CIFP DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA**

**Modelo MD81PLA08**

# **Proxecto lingüístico do CIFP**

**Centro: CIFP A GRANXA**

**Período: Curso 2024/25-2028/29**



## Índice

---

1	<a href="#">Marco legal e contexto sociolingüístico do centro</a> .....	4
2	<a href="#">Medidas que aseguren que o alumno acade a competencia lingüística</a> .....	4
3	<a href="#">Obxectivos e liñas de actuación</a> .....	4
4	<a href="#">Secuencia e temporalización das medidas</a> .....	7
5	<a href="#">Recursos e orzamento necesario</a> .....	8
6	<a href="#">Actividades de formación do profesorado e de proxectos de innovación</a> .....	8
7	<a href="#">Criterios e indicadores de calidade</a> .....	9

# 1. Marco legal e contexto sociolingüístico do centro

## Limiar:

No Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O artigo 3 da Constitución española establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado e no punto 2º que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Tal e como establece o artigo 46 do Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos Centros Integrados de Formación Profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para o logro dos obxectivos establecidos no proxecto funcional é necesario que o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (en adiante EDLG) aporte propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de dinamización da lingua galega no Centro.

Asemade, a lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional establece que nos centros de FP se comezarán a impartir os módulos de Inglés Profesional I e II e de Lingua Estranxeira Profesional (cun mínimo de 50 horas de peso por ciclo). Esta regulación foi desenvolta no Real Decreto da Xunta de Galicia 659/2023, do 18 de xullo que desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, establecendo que o módulo de Inglés Profesional I (tanto en ciclos medios como ciclos superiores) teña un peso específico de 60 horas de formación. Regúlase tamén que nos centros educativos se oferte o módulo de carácter optativo de “Lingua Estranxeira Profesional”, que no CIFP será en Inglés.

## Estudo sociolingüístico do Centro:

Á hora de realizar o programa é preciso ter en conta as características específicas do centro e do alumnado:

- O CIFP “A Granxa” é un Centro Integrado de Formación Profesional, polo que ten características específicas que o distinguen da gran maioría dos centros educativos: distintas ensinanzas (regrada e de adultos), distintas quendas (ordinaria, modular e a distancia), actividades variadas (acreditación de competencias, probas libres, cursos de formación, etc.).
- O CIFP “A Granxa” é un centro pequeno cun cadro de profesorado e cun número de alumnos reducidos. Isto implica que é máis sinxela a relación e o coñecemento entre toda a Comunidade pero, en contrapartida, implica maiores dificultades á hora de contar coa dispoñibilidade de colaboradores co tempo libre suficiente para axudar nas distintas actividades organizadas.
- O alumnado é, na súa maioría, maior de idade. A excepción son contados casos nos ciclos medios e a maioría con respecto ós dous grupos de FP Básica. Isto desmárcase do que habitualmente ocorre no ensino secundario.
  - A procedencia do alumnado é variada. Aínda que a maioría procede das localidades das bisbarras próximas ao concello de Pontearreas (Condado, A Paradanta, Baixo Miño, Vigo, etc.), sempre hai alumnado doutras zonas máis afastadas. Ademais adoita haber grandes diferenzas entre o alumnado procedente de zonas urbanas e o que procede de zonas rurais.

Os intereses e motivacións son diferentea por seren alumnado de idades dispaes. No centro hai dende alumnos que proceden da ESO ou do Bacharelato ata traballadores ou licenciados, e mesmo rapaces sen o graduado na ESO.

- Outro problema que se lle presenta ao profesorado á hora de impartir as clases en galego é non contar co material didáctico suficiente en lingua galega. Aínda así, a maior parte do profesorado tende a impartir o seu módulo en galgo.

Se se observan os datos recollidos en multitude de estudos sobre o uso da lingua galega a maioría da

poboación entende e, incluso, fala o galego, ou polo menos, sabe falar galego. A meirande parte do alumnado xa estudou galego na súa etapa escolar pero, pola súa idade, unha grande parte do persoal docente e non docente do centro e algúns alumnos maiores nunca recibiron formación de galego na súa etapa escolar. Nunha elevada proporción, fálano por telo aprendido na súa familia e no seu entorno máis próximo ou por telo estudado nos distintos cursos de iniciación e perfeccionamento. Cabería considerar a posible relación entre as distintas modificacións das normativas coa indecisión, confusión ou rexeitamento á hora do seu emprego.

O problema principal adoita xurdir á hora de ler e/ou escribir. Parte da culpa disto é a dificultade para coñecer a denominación en galego dunha elevada porcentaxe das especies vexetais empregadas no sector ou dos distintos materiais, ferramentas, equipos e maquinaria empregadas ou incluso dos propios procesos. As especies e os materiais, as ferramentas, equipos e máquinas de toda a vida teñen nomes coñecidos aínda que nalgúns casos, ao quedarse obsoletos, tende a perderse o seu uso cotián. Polo contrario a rápida evolución do sector e a incorporación de novas variedades e especies, en especial no eido da xardinaría, provoca que unha grande parte deles non teña nome en galego ou se use como tal unha tradución literal dende o castelán.

Destacar a proximidade do centro co país veciño Portugal, co cal se establecen relacións a nivel económico cos diferentes sectores produtivos; e a nivel social de toda a poboación da contorna a cal pertence o alumnado do CIFP. Por outra banda na actualidade e no futuro máis próximo tense programado que o alumnado poida desenvolver estadias do programa Erasmus + neste país.

Na sociedade actual onde a globalización da información e a necesidade de comunicación técnica entre diferentes países faise cada máis presente é necesario ter coñecemento da lingua inglesa no ámbito do desenvolvemento e medra do perfil profesional do noso alumnado.

## 2. Medidas que aseguren que o alumno acade a competencia lingüística

---

- Impartiranse as sesións nas dúas linguas oficiais, tal como esixe a normativa, nunha proporción aproximada do 50% para cada unha. Facilitarase información en dixital e en papel, por diversos medios, tamén na mesma proporción.
- Levarase a cabo formación específica para o alumnado en lingua inglesa: implantación dos módulos de carácter obrigatorio de Inglés Profesional I e Lingua Estranxeira Profesional I e II (módulo optativo de lingua inglesa profesional).
- Favorecerase calquera tipo de visita e intercambio que implique o contacto e emprego das linguas portuguesa e inglesa.
- Promoveranse as actuacións de mobilidade para alumnado e profesorado, os programas Erasmus +.
- Desenvolveranse actividades extraescolares para o alumnado en diferentes linguas: portugués, inglés e galego.
- Promoverase a lectura na lingua galega, inglesa e portuguesa.

## 3. Obxectivos e liñas de actuación

---

### **Obxectivo xeral:**

Mellorar a competencia lingüística do alumnado e favorecer así a súa futura integración no ámbito laboral.

### **Obxectivos específicos:**

**1.- Dar a coñecer as normativas sobre a lingua galega á Comunidade Educativa e os cambios normativos na lingua galega que se produciron nos últimos anos están a provocar confusión á hora da súa vixencia e do seu emprego.**

**2.- Dar a coñecer os distintos recursos dos que dispoñen as usuarias e usuarios para o seu uso cotián do galego :** hai multitude de recursos do galego ou en galego ao dispor dos usuarios que están a ser infrautilizados por descoñecemento ou polo complicado da súa busca ou consulta. Débese tratar de facilitar aos usuarios o acceso a estes recursos e incluso promover a participación dos mesmos na súa busca ou creación.

**3.- Ampliar os recursos lingüísticos xerais e específicos da Comunidade Educativa:** tal e como xa se comentou no limiar, no sector agrícola e agroalimentario hai un déficit importante de terminoloxía en galego.

**4.- Potenciar o uso cotián da nosa lingua por toda a Comunidade Educativa:** tentarase de dar a coñecer as fontes tradicionais da sabedoría popular que se están a perder, en forma de recompilación de usos, tradicións, refráns e ditos populares.

**5.- Estimular o contacto co país veciño e o coñecemento da lingua portuguesa e os seus costumes.**

**6.- Proporcionar recursos e experiencias** que desperten no alumnado a conciencia da necesidade do coñecemento do **inglés** coma unha posta en valor do seu perfil profesional.

### **Liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento do galego:**

#### **1.- Coñecemento das normativas sobre a lingua galega á Comunidade Educativa:**

- Proporcionar recursos e ferramentas, por distintos medios, que permitan o uso do galego no desenvolvemento da docencia de maneira axeitada e normativa .

#### **2.- Difusión dos distintas actividades na Comunidade Educativa e na entorna:**

- Difundir a información por distintos medios: páxinas web e RRSS do CIFP, taboleiro-cortiza de anuncios do EDLG.

#### **3.- Ampliación dos recursos lingüísticos xerais e específicos da Comunidade Educativa:**

- Proxección cinematográfica de películas ou documentais en galego, con interpretación, produción e/ou dirección galega.
- Recompilación de usos e cultura popular galega.

#### **4.- Potenciación do uso cotián da nosa lingua por toda a Comunidade Educativa:**

- Lectura de libros en galego e posterior charla-coloquio a cargo dos autores, actividades realizadas para fomentar o hábito da lectura en galego, á vez que colaborar coa promoción dos nosos escritores/as.
- Proxección audiovisual e charla-coloquio: actividades realizadas para fomentar o visionado de películas e/ou documentais en galego. Perseguirase a asistencia do director/a da mesma, co gallo de poder realizar unha charla-coloquio cos asistentes.

- Charlas-coloquio de temática deiversa (incendios forestais, oficios artesanais, petróglifos, cabalos salvaxes, instrumentos musicais, temas do sector, etc.): actividade realizada para fomentar a transmisión de coñecemento e a conversa, en galego.
- Organización de distintas actividades para dar a coñecer as tradicións e costumes asociadas ó agro galego que se están a perder polo envellecemento da poboación do rural galego e potenciar o uso cotián da nosa lingua en todas as situacións. Organizaranse as celebracións típicas que sexa posible, priorizando as máis representativas.

**Liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento do portugués:**

- 1.- Programación de visitas a institucións e entidades** que desenvolvan a súa actividade principal relacionada con algunha das familias profesionais do CIFP A Granxa, en Portugal.
- 2.- Promoción entre o alumnado e docentes co fin de participar en proxectos transfronteirizos.**
- 3.- Realización de charlas e exposicións onde a temática principal sexa a cultura e costumes portuguesas.**
- 4.- Creación dunha sección na biblioteca de novela actual en lingua portuguesa.**

**Liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento do inglés:**

- 1.- Desenvolvemento do currículo do módulo de Inglés Profesional** e das actividades relacionadas coa expresión en inglés da terminoloxía específica das diferentes especialidades impartidas no CIFP A Granxa na lingua inglesa.
- 1.- Proxección de películas en lingua inglesa no cineforum.**
- 2.- Subscrición a unha revista de perfil profesional en lingua inglesa.**
- 3.- Organización dos cursos de Lingua Estranxeira Profesional I e II como módulo optativo en inglés para o alumnado.**



## 4. Secuencia e temporalización das medidas

A concreción das diferentes actividades farase no plan anual.

	CURSO 24/25			CURSO 25/26			CURSO 26/27			CURSO 27/28		
	1º TRIM	2º TRIM	3º TRIM	1º TRIM	2º TRIM	3º TRIM	1º TRIM	2º TRIM	3º TRIM	1º TRIM	2º TRIM	3º TRIM
<b>GALEGO</b>	Proporcionar recursos e ferramentas que permitan o uso do galego											
	Difundir a inf. en páx. Web, taboleiros, RRSS											
	Realizar proxeccións cinematográficas ou documentais en galego											
	Recompilar os usos e cultura popular galega											
	Realizar lectura de libros en galego e posterior charla-coloquio											
	Realizar proxección audiovisual e charla-coloquio											
	Dinamizar charlas-coloquio de temática variada											
	Organizar actividades para coñecer as tradicións e costumes											
	Programar visitas a institucións e entidades											
	Promocionar coa fin de participar en proxectos transfronteirizos											
<b>PORTUGUÉS</b>	Realizar charlas e exposicións da cultura e costumes portugueses											
	Crear seccións na biblioteca de novela actual en lingua portuguesa											
	Desenvolver material educativo para a impartición dos módulos de Inglés Profesional nas diferentes especialidades											
<b>INGLÉS</b>	Subscribirse a revistas de perfil profesional en lingua inglesa.											
	Proxectar películas en lingua inglesa no cineforum											
	Incrementar biblioteca en lingua inglesa no centro											



## 5. Recursos e orzamento necesario

---

**Recursos:**

Os recursos das actividades indicáranse de modo concreto no plan anual.

**Orzamento:**

O orzamento total necesario para o desenvolvemento das actividades, cada curso, ascende a 650 euros, aproximadamente.

## 6. Actividades de formación do profesorado e de proxectos de innovación

---

Hai dispoñibles actividades de formación do profesorado na materia de linguas estranxeiras para a FP (como por exemplo VETINEM),e, así mesmo, proxectos de innovación. Estas actividades ofertanse en galego por parte da Consellería de Educación e, no CIFP, tamén se realiza, paralelamente, a revisión lingüística dos proxectos de innovación elaborados en galego.



## 7. Criterios e indicadores de calidade

LINGUA	OBXECTIVOS	CRITERIOS DE CALIDADE	INDICADORES DE CALIDADE
GALEGO	Proporcionar recursos e ferramentas que permitan o uso do galego de maneira axeitada e normativa	Resolución de necesidades	Si/Non
	Difundir a inf. páxinas web e Facebook , taboleiro-cortiza	N.º Comunicación escrita ou gráfica publicada	>=1 publicación/trimestre
	Realizar a proxección cinematográfica ou documental en galego	N.º de proxección	>=1 proxección/trimestre
	Recopilar os usos e cultura popular galega.	N.º de exposición	>=1 exposición/trimestre
	Realizar lectura de libros en galego e posterior charla-coloquio	N.º de charla	>=1 charla/trimestre
	Realizar proxección audiovisual e charla-coloquio	N.º de proxección	>=1 proxección/trimestre
	Dinamizar charlas-coloquio de temática variada	N.º de charla	>=1 charla/trimestre
	Organizar actividades para coñecer as tradicións e costumes	N.º de celebración ou exposición	>=1 celebración ou exp/trimestre
PORTUGUÉS	Programar de visitas a institucións e entidades	N.º de visitas	>=1 visita/trimestre
	Promocionar co fin de participar en proxectos transfronterizos	Comunicación de proxectos (oral , email) no momento da convocatoria ou solicitude	Si/Non
	Realizar charlas e exp. da cultura e costumes portuguesas	N.º de charla	>=1 charla/trimestre
	Crear de secc. na biblioteca de novela actual en lingua portuguesa	N.º de libros	>=1 libro/trimestre
INGLÉS	Proxectar películas en lingua inglesa no cineforum.	N.º de películas	>=1 proxección/mensual
	Subscribirse a revista de perfil profesional en lingua inglesa	N.º de revista	>=1 revista/trimestre
	Organizar curso de inglés para o alumnado	N.º de curso	>=1 curso /trimestre